

Nº 9

Xuño 2009

www.feplac.net

Gandeiros

Galegos



Fuente: La Voz de Galicia (23/05/2009)

Fotografía: Manuel Marras.

## APOSTAMOS POR UN PROXECTO CLARO E INTELIXENTE

O campo galego e as súas gandeirías precisan, como en calquer outro sector, un proxecto intelixente, claro de ideas, con independencia profesional e empresarios decididos e organizados entre sí. Mentres esto non suceda, non sairemos adiante; e se tardamos moito, perderémo-lo tren. E mentres perdemos aquí un sector estratéxico e de gran importancia para Galicia, noutro lugar está aguantándose e afianzándose no noso mercado. Para ser profesionais, non temos que ser grandes en tamaño, cousa que ás veces se entende erróneamente; nin moito menos ser profesionais e competitivos significa ter moitas nin poucas vacas, senon buscar a viabilidade da explotación, que é outra cousa distinta.

Para esto necesitamos un foro de entendemento con unión e información, onde xurdan IDEAS que temos que vender ós nosos Gobernantes que son os que despois terán que legislar. Pero nós temos que facer a nosa parte, xa que debemos ter claro que se os afectados directos non aportamos un proxecto sectorial, nadie o vai facer por nós, e as lamentacións non curan o mal.

En Feplac, sabemos o difícil que é todo isto, por eso queremos debate de Ideas, exposición de posturas, contraste de proxectos e reflexións de acertos e erros, onde poidamos coller o mellor de cada un, onde traballemos coas armas que temos na Galicia real. Por eso Feplac agradece ós medios que

contemplan as opinións libres das distintas partes do sector, e entre outros queremos felicitar a La Voz de Galicia por entender a importancia do debate, e ser o primeiro en reunir a tódalas partes do sector productivo xunto coa industria e Administración, xa que sabemos o difícil que foi ante os intentos dalgúns axentes que querían boicotear as voces dos empresarios da gandeiría. Dende logo, a Feplac non nos molesta a presenza de nadie, xa que nos gusta convencer con argumentos claros e xustificados para o sector, tal como debe ser en democracia. Aínda que outros optan por querer silenciar, en Feplac suxerimos este tipo de debates, donde cada axente sindical, cooperativo, así como as asociacións empresariais sectoriais coma Feplac poidamos dar a coñecer o noso proxecto, xa que creemos que a día de hoxe é o único actualizado á realidade e onde collemos todos, onde existe información con coñecemento profesional. E se existe outro mellor, estamos dispostos a debatilo onde proceda, xa que nós queremos-la prosperidade polo ben de todos, e non nos gustan as demagogías cando acaban entrándonos nos bolsillos.

Debemos propoñer proxectos de futuro, e para eso é necesario recoñecer a realidade e non cambiar de mensaxe cada medio ano; ser coherentes con un mesmo, e non deixarse manexar polo oportunismo. Cada quen debe coller a súa silla, e se a perde..., alá él.

# O TEMPO, TESTIGO VERDADEIRO DA RAZÓN



Enterramento ilegal en Lanza (Mesía)

Fuente: TVG

O día nove de xuño pasado, a TVG emiteu unha reportaxe sobre un dos temas que tanto preocupou no seu día ó sector gandeiro, como foi o caso da Encelopatía Espongiforme Bobina, o chamado caso das “vacas tolas”. Chamoume a atención o de non ter voz tódalas partes nesa reportaxe. Non tiveron voz as autoridades de Mesía de entón, aínda que sí a tivo un Concelleiro do Goberno actual que se identificou como veciño. Non tivo voz ningún gandeiro de Mesía,... como se non houberse gandeiros afectados; nin ningunha asociación do sector, como se algunha coma Feplac non tivese no seu día un papel activo e importante nesa crise, tendo socios afectados no propio Concello. Tampouco se deu voz ós medios de comunicación que máis traballaron no esclarecemento dos feitos, deixando varios axentes sociais e sectoriais afectados no silencio. Eu entendo que se debería dar voz a todos, e non só a unha parte, xa que o tempo que se dedicou ó mesmo permitíao. Non obstante, ós Ex-Conselleiros sí se escoitaron, xa que no seu día se censurou a realidade e agora non se dixo toda a verdade, nin se deron tódolos puntos de vista, e dende logo ningún das empresas gandeiras afectadas dos veciños de Mesía e do seu entorno. Parece que esta reportaxe estaba elaborada antes do cambio dos responsables da TVG, polo que entendo que o Goberno non tivo culpa.

Pero sí dixeron cousas moi importantes os Ex-Conselleiros, as cales eu en nome propio e de Feplac quero agradecerlles, aínda que xa non teñan arreglo. Algún EX-Conselleiro recoñeceu que fora un erro non seguir enterrando como o seguiron facendo naquel entón outras comunidades; recoñeceron que non se debera matar toda a cabaña. E algo máis, creo que é de sabios rectificar, e o tempo dá ou saca razón. A Federación de Produtores Lácteos FEPLAC, daquela e sempre, defendeu que os gandeiros seguiron enterrando as vacas como o viñan facendo. O que suscribe, ordeou enterrar nese entón coma sempre, razón pola que foi xulgado rápidamente, saíndo indemne unha vez xustificado o feito. Pero os veciños de Lanza (Mesía), dín que da súa denuncia só recibiron o arquivo..., eles saberán a quen lle encomendaron o proceso. A defensa de seguir enterrando estaba xustificada pola imposibilidade do sistema de recollida de entón,... pero nas granxas, non donde o fixo a Xunta daquela momento. Só uns días antes de aparecer o cemiterio tan preto das nosas granxas, denunciaron a unha explotación de Mesía por enterrar dúas vacas que levaban días mortas e sen resposta.

Feplac defendeu clara e abertamente “NON MATAR AS GRANXAS”, xa que só tiña o sentido de aumentar a alarma, deixando a un lado xa os costes económicos que foron moi importantes, e aínda o son hoxe, coma os costes de recollida, e qué decir dos sentimentales e sociais.

O tempo dá ou saca razón. En Feplac estamos acostumbrados a quedar sós defendendo o sentido común e os intereses xerais, asumindo para iso, ás veces, o ter que explicalo nos xulgados. Estamos acostumbrados a que non nos dean a razón, e ás veces, nin voz para informar das realidades. Pero o tempo case sempre nola dá. É fácil falar a toro pasado, pero nós falamos antes, e o tempo di que tiñamos RAZÓN.

Resulta curioso que fosemos os únicos que defendemos o NON SACRIFICIO da cabaña, cando algúns axentes se adicaban a xestionar o sacrificio das cabañas dos seus asociados afectados, aínda que agora algún non di eso. Fomos os primeiros en defender as COTAS LÁCTEAS, cando non gustaba o que decíamos, (hoxe fano todos), eso sí,... os que nos fixeron caso compraron barato e non pagaron multas, (agora en 2009, a situación é outra). Fomos os primeiros en plantar cara ante os ATAQUES DAS ALIMAÑAS, razón pola que a algúns se nos acusou mediáticamente de Falso Fraude. E o tempo tamén nos dará a RAZÓN (Feplac reclama e demanda á Administración por danos). Fomos os primeiros en denunciar publicamente ante o Goberno español e a OLAF o DUMPING (hoxe todos os axentes o recoñecen, incluso o Presidente da Xunta,... todos menos a Ministra claro,... eso sí, denuncia escrita só a presentou Feplac) Fomos os primeiros en aconsellar que necesitábamos NON IR CONTRA AS INDUSTRIAS lácteas xa que a gran superficie estaba mandando, e quedámonos sólos a principios do 2008 con esta mensaxe,... hoxe os axentes están dando eses pasos; os primeiros en dicir que a INLAC non funcionaba, que os contratos homologados (chamados contratos chatarra por Feplac) eran un engaño e só valerían para baixar prezos, que o acordo da Mesa do Leite do 2007 sobre a Factura Única era un favor á industria para unha nova baixada, etc.... Realmente somos os únicos que informamos con seriedade e transparencia en tempo real, e tamén decimos ás veces o que non gusta oír, cousa que nalgunhas ocasións pagamos caro, pero sempre vivimos a realidade. Coñecemos moi ben as necesidades dos gandeiros, as cales comprendemos porque somos profesionais independentes, cousa que a algúns lles costa moito comprender,... pero pouco a pouco séguense os nosos pasos, porque o tempo pon a cada un no seu lugar. E poderíamos seguir facendo Hemeroteca, que en Feplac é fácil,... de ahí que todos os ataques son o desprestixio dalgún dirixente, nunca con argumentos sólidos ós proxectos defendidos.

O Testigo verdadeiro da RAZÓN,...O TEMPO.

*Xaquín López.  
Presidente de Feplac-Galicia*

*“Ó home pola palabra, e á vaca polos cornos” (Refrán Popular)*

# *Analiza-la Nosa Explotación en momentos de Crise*

Estamos atravesando un dos peores momentos que o noso sector recorda. O precio do leite está moi baixo, o precio dos fertilizantes alto e o dos cereais non deixa de subir. É un momento de pararse a reflexionar en ¿qué podemos facer nós, dende a nosa explotación, para intentar capear este temporal?

Sabemos que toda a explotación conta cuns gastos e cuns ingresos determinados. O primeiro que cada gandeiro debe facer é analizar a súa explotación, necesita saber en donde ten uns maiores costes e cales son os seus beneficios. Unha vez que esas contas están enriba da mesa, poderemos estudar a forma de reducir costes.

Os principais costes que hai nunha explotación, por orde de importancia, soen ser os seguintes:

- Alimentación (compra de piensos, produción de forraxes...)
- Man de obra (propia ou asalariada)
- Sanidade e hixiene (gastos veterinarios, reprodución, medicamentos, produtos de limpeza e desinfección,...)
- Amortización de maquinaria e instalacións.
- Outros gastos (seguros, luz,...)

Como norma xeral, a alimentación é o apartado que nos leva a maior parte dos gastos. E na maior parte das explotacións é donde é máis fácil intentar reducilos. Cando pensamos en reduci-los costes en alimentación, xa se nos ven á cabeza pensar que: "se tivesemos máis superficie, produciríamos máis e nos gastaríamos tanto en comprar fóra". Isto é unha gran verdade, con maior superficie sería máis fácil reducir esos gastos pero dando por feito que a superficie territorial que temos é a que é, temos que buscar a forma de sacarlle o máximo partido.

Según distintos estudos, obsérvase que dentro de explotacións de características similares, con igual superficie ou igual carga gandeira, poden chegar a atoparse grandes diferencias nos costes de produción de ambas explotacións. Esas diferencias son as que hai que estudar, e se unha pode producir con menos gastos quere decir que algo falla na outra. Neste exemplo, entra en xogo un factor moi importante que é o manexo desa explotación, e en concreto o manexo do terreo. O gandeiro ten que buscar a forma de obter da súa terra o máximo rendemento posible.

Pode ser que se estea sacando unha produción menor do que teóricamente permitiría ese terreo ou pode que a calidade do forraxe non sea a mellor posible. Noutros casos o pastoreo pode ser outra solución, por contar con superficie agraria suficiente, ou con un terreo apto para esta forma de manexo.

O que se recomenda é que cada gandeiro co seu técnico, estudie as súas características, mire cal é a mellor forma de rentabilizar esas terras e sacarlle o

máximo rendemento. Aquí non se pode falar dunha fórmula máxica, haberá que usar solución particulares, xa que cada caso é diferente.

Outra forma de reducir os costes é facendo un aproveitamento óptimo do noso purín. Xa estamos cansos de escoitar de que nas nosas explotacións temos todo o que precisa a nosa terra, pero aínda así, seguimos traballando de forma tradicional. Botamos o purín cando nos sobra, ou cando imos sementar, ou simplemente abonamos co mesmo fertilizante de toda a vida e cas dosis de sempre, o que non é a forma máis apropiada de traballar, e menos nestes momentos de crise. Debemos acostumbrarnos a facer análises da terra para saber o que lle debemos de botar e cando o debemos botar. Así obteremos uns mellores resultados, polo que volveremos a ver reducidos os nosos gastos.



Tamén é moi importante coñecer as necesidades do cultivo que imos poñer. Así, unha vez que sabemos o que a terra pode dar e o que o cultivo precisa, poderemos saber cal é a mellor forma de abonar. Tanto para non quedar escasos como para non facer un exceso de abonado, que o único que provocaría sería un incremento dos gastos. A maiores, facendo unha analítica do noso purín, coñeceremos se con ese aportes xa lle estamos dando ó suelo e ó cultivo o que precisan, ou se a maiores necesitamos fertilizar. No caso de ter que suplementar, seguro que as cantidades serán menores, polo que os gastos tamén se verán reducidos.

Estas son das formas máis sinxelas, pero das máis eficaces para reducir os costes na explotación. O que a priori nos pode parecer complicado e lioso, a longo prazo pódenos dar uns resultados moi positivos economicamente falando. A maiores poderemos falar de que cun bo manexo do gando, reduciremos os gastos en medicamentos para os animais. Se facemos un bo uso da maquinaria tamén reduciremos os gastos en gasoil e man de obra, etc...

Temos que darnos conta é que non podemos esperar a que os demais nos solucionen os nosos problemas. Está claro que entre todos hai que buscar unha solución: agricultor-industria-distribución, pero mentres esa solución non chega, cada un na súa casa ten que buscar a mellor forma de rentabilizar a súa empresa.

**Rocío Zas Pereira**  
**Técnico FEPLAC**

# A MESA LEITEIRA

Resulta cando menos curioso que non se informe ós gandeiros do que se fala e se debate nun foro tan importante como a chamada Mesa do Leite galego, onde din que estamos representados, pero a realidade é que só están directamente a Administración, directamente as industrias lácteas, directamente os sindicatos,... e directamente, ningún gandeiro. Donde nadie informa do que se fala a quen máis lle afecta, ós gandeiros, e é curioso que non queiran que estemos donde se fala do noso produto, donde queren amañarnos sen deixarnos estar.



O pasado 26 de Maio, reuniuse esta Mesa,... silencio absoluto do falado, debatido ou acordado. Volveuno a facer o pasado día nove de Xuño,... silencio absoluto de todos. Pero as experiencias que temos os gandeiros deste silencio tan hermético xa todos o coñecen, porque se houberse algo de propaganda, tódolos axentes sindicais botarían peito das demagoxias ás que nos teñen acostumbrados. Pero as consecuencias son as mesmas da historia recente,... dúas reunións sen información tradúcese noutra BAIXADA de PREZO máis. Para isto é a Mesa do leite. Non é fácil recordar que despois dunha xuntanza da Mesa do Leite houbera subidas, por eso eles din que non se pode falar alí de prezo, por eso de prezo ós gandeiros só nos falan as industrias cando nos liquidan. Sería bo saber a qué van, porque os únicos que o saben son os industriais, que envían ós xefes de turno; non van os donos, non,... para qué?. e os axentes sindicais según como vaia o día,... total eles non teñen vacas e con non decir nada xa está.

Resumo das dúas Xuntanzas da Mesa leiteira por parte dos axentes sindicais  $(-1)+(-1)=-2$  para o gandeiro.

Resumen das dúas xuntanzas da Mesa leiteira por parte das industrias  $(+1)+(+1)=+2$  para a industria.

Mentres non consigamos estar os empresarios das vacas onde se fala das nosas empresas, malo. Así a ver se non se reúne máis a Mesa leiteira. Parecido ven sendo na Inlac, á que queren traela de Madrid para Galicia, é decir, traeremos un foro de ineficaces máis, onde tamén se marxinou ós gandeiros.

Debemos e temos que buscar outros foros onde estemos todos, pero polo menos onde estén os empresarios da produción para defende-los intereses da súa inversión e produción.

## QUEREMOS FABRICANTES DO PENSO SERIOS

Entre outros, uns dos que viven dos gandeiros son os fabricantes de piensos, sexan cooperativas ou non. E deben coidar a galiña dos ovos de ouro e non seguir xogando con ela, xa que deben comprar mellor para dar estabilidade ó gandeiro, e non facer que os seus erros de compra os teñan que sufragar sempre os mesmos. Os xerentes das fábricas deben facer xestión como a vai ter que facer o gandeiro nesta difícil situación.

Moitas fábricas están vendendo caro o produto para cadrar as súas contas, e con mercancías regulares, corren o risco de que o gandeiro non poida pagar. Se sobran gandeiros, tamén sobrarán algunhas fábricas..., e deben darse por enteradas. Deben coidar máis e mellor ós gandeiros, e deben ter cada día máis seriedade e responsabilidade. Non se pode comunicarlle o mesmo día a suba do produto sin previo aviso, como non se pode mezclar leite con pienso para cadrar números.

Debemos revisa-las nosas compras comparando calidade e prezo, xa que todos temos que mellorar para subsistir.





## XORNADAS INFORMATIVAS SOBRE O FUTURO DO SECTOR LÁCTEO

**Día:** *Mércores, 15 de Xullo de 2009.*

**Lugar:** *Hotel Barreiro (Ordes)  
Carretera A Coruña-Santiago, km. 32*

**Hora:** *A partir das 11:30 e ata as 18:00 horas.*

*Abordaranse temas de interés directo para as nosas explotacións leiteiras.*

**TÓDOLOS SOCIOS ESTADES INVITADOS A PARTICIPAR E Ó XANTAR QUE TERÁ LUGAR NO MESMO HOTEL.**

**\*É preciso confirmar asistencia antes do 9 de xullo no 981 579 976.**



## PLAN DE SEGUROS AGRARIOS 2009

### GANDO VACÚN



#### SEGUROS DE EXPLOTACIÓN

**Seguro de Explotación para Reprodutores e Recría.** É un seguro no cal se cubren ademais dos accidentes, certas enfermidades e problemas derivados do parto. Este seguro pode ser complementado cunha garantía adicional de sacrificio obligatorio por saneamento gandeiro ou saneamento extra e garantía adicional de pastos estivais.

**Seguro de Explotación para Reprodutores de aptitude cárnica.** Seguro especialmente deseñado para as explotacións de vacas nodrizas, garante accidentes e certas enfermidades que poden afectar a este tipo de animais. Ten tamén unha garantía adicional de sacrificio obligatorio por saneamento gandeiro

ou saneamento extra e garantía adicional de pastos estivais.

**Seguro de Explotación de Cebo, Lidia e Alta Valoración Xenética.** Seguro que permite garantir economicamente o valor xenético da súa actividade e, por tanto, dos seus animais. Este seguro poder ser complementado cunha garantía adicional por saneamento gandeiro ou saneamento extra e garantía adicional de pastos estivais.

Todos estes seguros inclúen unha garantía que compensa os danos ocasionados pola morte, sacrificio e inmovilización debidos á fiebre aftosa.

#### OUTRO SEGURO QUE CUBRE RISCOS CONCRETOS

**Seguro de Encefalopatía Espongiforme Bovina (EEB).** Cubre non só o sacrificio dos animais da explotación asegurada na que se declare a enfermidade, senon tamén o derivado da declaración da enfermidade en explotacións distintas das do asegurado que oblige a éste ó sacrificio das súas reses.

**Subvención:** A porcentaxe de subvención a aplicar obtense mediante a suma dos seguintes tipos, segundo a liña:

TIPO DE SUBVENCIÓN	Todos os Seguros de Explotación e EEB
Base	14%
Por contratación colectiva	5%
Por características do asegurado	14 ou 16% *
Por renovación do contrato	6 ou 9 % **

(\*) Se é gandeiro xoven. (\*\*) Según se asegurara en un ou dous anos anteriores.

Nota: No seguro de explotación de bovinos de aptitude cárnica, os asegurados que estén integrados nunha ADSG teñen dereito a un 5% máis de subvención.

## **EQUIPOS DE REPARTO DOS PURÍNS** (Continuación)

### Enterradores de discos, de rellas ou mixtos.

Segundo o tipo de traballo a realizar, a aplicación sobre cultivos e a profundidade de enterrado, os enterradores poden ser de disco para repartición en pradarias ou cereais nacidos que se pretende evitar a contaminación superficial e o rexeitamento por parte do gando. Para a aplicación con estes equipos necesítase un tractor potente.

Os enterradores de rellas utilízanse para incorporar o zorro a maiores profundidades, movendo moita terra e polo tanto farase sobre chans sen cultivo. Neste caso

a potencia do tractor debe ser bastante maior que no caso dos tubos e sobre todo cando o terreo está seco ou quérese traballar a profundidades de 10 ou 15 cm.



<u>Vantaxes</u>	<u>Inconvintes</u>
<u>Boa repartición</u>	<u>Necesidade dun tractor potente</u>
<u>Supresión case total de olores e os riscos sanitarios.</u>	<u>Frecuentes obstrucións das saídas e ás veces difíciles de detectar</u>
<u>Redución importante da volatilización do Nitróxeno.</u>	<u>Sobrecoste moi importante.</u>
<u>Realízase un labor superficial no caso das rellas</u>	<u>Pouca anchura de traballo: 3-5 m</u>
<u>Interesante sobre todo para chans lixeiros.</u>	<u>En chans húmidos, en pendente, ou en chans traballados en sentido da pendente o zorro tende a correr cara ao val.</u>



*Enterrador discos para cultivos*



*Enterrador discos para pradeiras*

### Conclusiones

Cada explotación debe ser a que decida que é o mais convinte para o seu manexo dependendo do seguintes factores

- \*Analizar o investimento
- \*Valorar o tipo e a cantidade total de xorro a repartir
- \*Potencia do tractor Situación das fosas Volumen de almacenamento e épocas de repartición
- \*Terreno sobre a que se repartirá, cultivo de cereais, millo, pradarias, ...
- \*Utilizar e regular ben os equipos
- \*O purín non é tóxico, senón que son tóxicas son as doses excesivas.

*Fernando Núñez Carballo.  
Técnico Feplac-Galicia.*

## TITULARES QUE FALAN SÓLOS (Continuación...)

10.02.2009

**NOTA DE PRENSA:** "Aumento de daños de lobos y jabalíes". Feplac denuncia un aumento considerable de los daños de jabalíes y lobos en la ganadería y agricultura, mientras la Consellería de Medio Ambiente sigue inmune al malestar creado en la gente del campo. El Plan del lobo supone un enorme coste para las arcas públicas pero las ganaderías están indefensas. La Consellería está conservando un lobo que no es auténtico ni tiene valor pero que hace mucho daño.

["Aumentan los daños provocados por los lobos y jabalíes" \(AGROINFORMACIÓN 10.02.09\)](#)

["FEPLAC demanda a la Xunta de Galicia la reducción de número de lobos y jabalíes" \(AGROINFORMACIÓN 11.02.09\)](#)

["Mano dura sin prevención" \(ABC 16.02.09\)](#)

["La Feplac critica a Medio Ambiente su desidia con el daño de jabalíes y lobos" \(ABC 11.02.09\)](#)

17.02.2009

**NOTA DE PRENSA:** "Medio Ambiente falta a la verdad". En el año 2008 hubo más de 1.000 ataques de lobos de los cuales, más de 1/3 no se denunciaron por los engorrosos trámites burocráticos y las nulas respuestas de la Administración para pagar. Se pide a todos los ganaderos que denuncien los ataques. Han permitido los cruces híbridos, que cuando interesan son lobos y cuando no "perros asilvestrados" y se ha terminado con el lobo ibérico.

["Los empresarios lácteos denuncian más de 1.000 ataques de lobos en 2008 en Galicia" \(AGROINFORMACIÓN 17.02.09\)](#)

["FEPLAC denuncia más de un millar de ataques de lobos en Galicia en 2008" \(AGROCOPE 17.02.09\)](#)

["En 2008 hubo más de 1.000 ataques de lobos" \(QUÉ.ES 17.02.09\)](#)

["La caída del precio de la leche obliga a los ganaderos gallegos a renegociar sus deudas bancarias" \(LA VOZ DE GALICIA 23.02.09\)](#)

24.02.2009

**NOTA DE PRENSA:** Feplac cree poco serio que una industria como Pascual diga cada día una cosa. Solicitamos al Presidente de Leche Pascual que se comprometa por escrito a garantizar la recogida de leche de cooperativas y que aclare el plan de futuro de la planta de Outeiro de Rey. Está demostrando el juego en el que se mueve con las importaciones francesas y las ayudas españolas. Una vez más se insta al Ministerio a que controle el DUMPING e inspeccione las calidades de la leche y su trazabilidad.

04.03.2009

**NOTA DE PRENSA:** Feplac se desvincula de las protestas organizadas para este viernes 6 de marzo delante de alguna fábrica instalada que opera en Galicia. Se debe dar un margen de confianza al nuevo Gobierno que se va a formar. Hay que evitar los enfrentamientos y malestar entre vendedores y compradores. Se solicita a las industrias que no apliquen nuevas bajadas en el precio de la leche a los ganaderos ya que les obligarían a cerrar a muchos de ellos.

["Feplac se desvincula de las protestas organizadas en defensa del sector productor de leche" \(AGROINFORMACIÓN 04.03.09\) \(Protestas del viernes 6 delante de fábricas\)](#)

["FEPLAC se desvincula de las protestas ante Pascual para 'dar margen' al futuro del Gobierno" \(SOITU.ES 04.03.09\)](#)

["FEPLAC se desvincula de las protestas ante la sede de Pascual" \(AGROCOPE 04.03.09\)](#)

11.03.2009

**COMUNICADO DE PRENSA:** Éxito en la primera jornada informativa de esta semana celebrada en Castro de Riberas de Lea con asistencia de unos 250 ganaderos.

12.03.2009

**COMUNICADO DE PRENSA:** Se han comenzado una ronda de reuniones por varios puntos de Galicia para informar de la situación del actual del sector leiteiro y dar a conocer los planes de futuro de Feplac de unión de todo el sector productor. Jornadas informativas en: Castro de Riberas de Lea, Ordes, Lalín y Santa Comba.

["La Feplac trasladó en Lalín a medio centenar de productores sus propuestas de autodefensa sectorial" \(LA VOZ DE GALICIA 14/03/09\)](#)

["Feplac organiza un acto en Lalín el día 13 en tiempos en que necesita <hacer una organización fuerte>" \(LA VOZ DE GALICIA 10/03/09\)](#)

12.03.2009

**CONVOCATORIA RUEDA DE PRENSA:** Convocatoria Rueda de Prensa 13 de marzo en la CEG.

["Feplac afirma que 'ninguna industria se libra' de importar leche de Francia" \(EUROPA PRESS 13.03.09\)](#)

["La Feplac denuncia que en 2008 disminuyó la importación de leche envasada frente a la que traen las industrias" \(EUROPA PRESS 13.03.09\)](#)

["FEPLAC pide la destitución de Espinosa por su inactividad frente a los problemas del sector lácteo" \(AGROCOPE 13.03.09\)](#)

["Los sindicatos agrarios y Agaca abogan por impulsar un acuerdo estatal de productores" \(SOITU.ES 13.03.09\)](#)

["La Feplac denuncia que la importación de leche líquida a precio inferior al coste creció en 2008" \(EL PROGRESO 13.03.09\)](#)

["Ninguna industria se libra de traer leche de Francia", denuncia una patronal láctea" \(LA NUEVA ESPAÑA 14.03.09\)](#)

16.03.2009

**NOTA DE PRENSA:** Feplac considera necesario ponerse de acuerdo con las organizaciones agrarias y cooperativas para que se unan a la denuncia del Dumping presentada por Feplac ante diversos organismos. La cooperativas agrarias no deben entrar en el juego de oportunismo de unos pocos.

# **AXUDAS PARA A RENOVACIÓN DA MAQUINARIA AGRÍCOLA**

**Prazo:** ata o 6 de xullo de 2009.

**Obxecto:** Renovación do parque de tractores e máquinas automotrices agrícolas.

A subvención servirá para:

- Substitución e desmantelamento das máquinas máis vellas.
- Compra de novos tractores e máquinas automotrices e tamén arrastradas como: sementadoras directas, cisternas para xurros e espaxeadoras de fertilizantes sólidos con dispositivos de localización ou fertilizadoras e equipamentos de aplicación de produtos fitosanitarios que posibiliten unha correcta distribución.

**Cuantías máximas das subvencións:**

- Tractor novo: 12.000 €.
- Máquinas automotrices de recolección: 30.000 €.
- Resto de máquinas automotrices e arrastradas: 30 % do investimento.

**Requisitos e compromisos dos beneficiarios:**

- Axustarse á definición de pequenas e medianas empresas.
- Ser titular dunha explotación agrícola ou ser unha persoa física ou xurídica das establecidas no artigo 2.

- Ser titular dun novo tractor ou máquina achatarrada (inscrita no ROMA polo menos 1 mes antes da data da solicitude).
- Compromiso a non allear o novo tractor ou máquina durante 5 anos.
- As persoas xurídicas deberán acreditar que é a súa actividade principal e a produción agrícola.
- Estar ó día nas obrigas fiscais e coa Seguridade Social.

**Requisitos do tractor ou máquina a desmantelar:**

- Ter máis de 15 anos; e os equipos de recolección, ter máis de 10 anos.
- Estar en condición de uso e non de abandono (con acreditación).

**Requisitos do novo tractor e forma de pago da factura:**

- Ser adquirido con data posterior á da solicitude.
- Quedar inscrito no ROMA como de 1ª adquisición.
- As facturas deben ser de data posterior á da solicitude da axuda.
- Hai que acompañar un XUSTIFICANTE BANCARIO que verifique o pago efectivo delas.

## **AXUDAS Á BONIFICACIÓN DE COSTES FINANCIEROS DE PRÉSTAMOS FORMALIZADOS PARA A DISPOSICIÓN DOS IMPORTES DOS PAGOS DE AXUDAS ÁS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS GALEGAS.**

(DOGA nº 105 de 1 de xuño de 2009)

**Obxecto:** axudas de minimis, en réxime de concurrencia non competitiva, destinadas a bonificar os intereses dos préstamos que suscriban os titulares de explotacións gandeiras que teñan asignadas cantidades de referencia para a produción de leite a 31 de marzo de 2009. Segundo convenio, os solicitantes poderán dispoñer do importe correspondente ó 90% das cantidades solicitadas na campaña 2009 das axudas do réxime de pago único e do pago adicional no sector lácteo.

**Beneficiarios:** 1.- Produtores de leite coas seguintes condicións:

a) que sexan titulares de cantidade de referencia para a produción de leite a 31 de marzo de 2009.

b) que solicitaran a axuda do réxime de pago único e pago adicional no sector lácteo para o ano 2009.

c) que formalicen, a máis tardar, o 31 de xullo de 2009 un préstamo con alguna das entidades colaboradoras por unha cuantía igual ou superior ó 90 % das cantidades solicitadas na campaña 2009 das axudas do réxime de pago único e do pago adicional no sector lácteo.

2.- Explotacións gandeiras que pertencen a varias persoas integradas nunha comunidade de bens ou sociedade civil, sempre que cumpran os requisitos esixidos nesta Orde.

**Características dos préstamos subvencionados e obrigacións dos beneficiarios:**

1.- O importe máximo dos préstamos será determinado polo Fondo Galego de Garantía Agraria.

2.- O prazo para formalizalos préstamos subvencionables será ata o 31 de xullo.

3.- O prazo para cancelar o préstamo polo beneficiario será de 8 días tralo ingreso do importe das axudas do réxime de pago único e do pago adicional no sector lácteo.

4.- As condicións dos préstamos determinaranse nos convenios que se suscriban. Os prazos dos préstamos terán un máximo de 9 meses e a comisión única por tódolos conceptos, será de, como máximo, ó 0,5% do importe do préstamo formalizado.

**Cuantía da axuda:** consistirá na bonificación da comisión, que como máximo será do 0,5% do importe do préstamo e tamén do tipo de interés do 4% anual sobre o préstamo que o beneficiario suscriba coas entidades financeiras. A cuantía non poderá exceder de 7.500 € durante un período de 3 anos, incluíndo o total das axudas de minimis percibidas polo beneficiario nese mesmo período.

Antes do 31 de agosto de 2009 deberase entregar nas oficinas agrarias comarcales ou na Consellería de Medio Rural, a solicitude e a documentación requirida.